



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias febreiro 2020**

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2020

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de febreiro do ano 2020 acadou a cifra de 1.012.354 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xaneiro de 2020 de 5.848 afiliacións (0,58%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.250.229, rexistrando un aumento do 0,45% con respecto ao pasado mes de xaneiro.

Na comparativa interanual (febreiro de 2020 con febreiro de 2019) obsérvase un incremento de 15.043 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,51%) e un incremento do 1,92% (361.757 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xaneiro de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando entre todas elas Illes Balears (2,95%) e Murcia (1,24%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, a meirande parte das comunidades autónomas amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en Murcia, Madrid, Comunitat Valenciana e Navarra (con taxas superiores ao 2,50%). En senso contrario, a única comunidade onde se rexistra un decrecemento é Extremadura.


**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>19.250.229</b>	<b>85.735</b>	<b>0,45</b>	<b>361.757</b>	<b>1,92</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.012.354</b>	<b>5.848</b>	<b>0,58</b>	<b>15.043</b>	<b>1,51</b>
Andalucía	3.138.816	3.592	0,11	55.257	1,79
Aragón	575.585	2.923	0,51	10.785	1,91
Asturias	363.025	372	0,10	3.240	0,90
Illes Balears	441.667	12.654	2,95	7.891	1,82
Canarias	818.141	2.341	0,29	14.247	1,77
Cantabria	216.377	1.021	0,47	5.007	2,37
Castilla La Mancha	704.776	1.391	0,20	6.073	0,87
Castilla y León	914.824	3.069	0,34	9.113	1,01
Cataluña	3.440.802	21.152	0,62	55.396	1,64
Comunitat Valenciana	1.924.793	6.987	0,36	48.826	2,60
Extremadura	387.663	743	0,19	-313	-0,08
Madrid	3.279.055	10.615	0,32	87.000	2,73
Murcia	592.711	7.260	1,24	17.735	3,08
Navarra	288.816	1.887	0,66	7.064	2,51
País Vasco	973.152	3.181	0,33	17.354	1,82
La Rioja	129.984	461	0,36	1.767	1,38
Ceuta e Melilla	47.688	235	0,50	272	0,57

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

<sup>1</sup>

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de xaneiro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,01%, o que supón 6.981 afiliacións máis, seguida de A Coruña (1,48%), Ourense (1,07%) e, por último, Lugo (0,51%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de febreiro con respecto ás do mes de xaneiro de 2020, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,58%. Todas as provincias amosan datos positivos, producíndose a maior subida en Pontevedra (0,66%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	434.745	2.713	0,63	6.358	1,48
LUGO	121.313	453	0,38	617	0,51
OURENSE	102.218	358	0,35	1.086	1,07
PONTEVEDRA	354.077	2.323	0,66	6.981	2,01
<b>GALICIA</b>	<b>1.012.354</b>	<b>5.848</b>	<b>0,58</b>	<b>15.043</b>	<b>1,51</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>19.250.229</b>	<b>85.735</b>	<b>0,45</b>	<b>361.757</b>	<b>1,92</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,4% das afiliacións galegas en febreiro de 2020, aumentaron un 0,70% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,21%. En España estas taxas foron do 0,49% con respecto a xaneiro de 2020 e do 2,21% en relación ao mes de febreiro de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,2%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas, agás Pontevedra, amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,85%. Para este réxime e con respecto ao mes de xaneiro de 2020, todas as provincias, coa excepción de A Coruña, rexistran taxas positivas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,07%. As taxas nacionais para este réxime presentan subidas, tanto con respecto a febreiro de 2019 (0,56%), como a xaneiro de 2020 (0,21%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a febreiro de 2019, soamente Pontevedra amosa unha taxa positiva e A Coruña presenta a taxa máis negativa (-2,52%). A taxa galega sitúase entón no -0,73%, superior á de España (-0,82%). Con respecto a xaneiro de 2020, a única taxa negativa atopámola en Lugo (-2,04%), mentres que A Coruña presenta unha taxa moi positiva (4,13%). A taxa galega amosa así un aumento do 1,23% con respecto a xaneiro de 2020. A taxa nacional é do 1,57%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN FEBREIRO 2020	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	434.745	0,63	1,48
LUGO	121.313	0,38	0,51
OURENSE	102.218	0,35	1,07
PONTEVEDRA	354.077	0,66	2,01
GALICIA	1.012.354	0,58	1,51
ESPAÑA	19.250.229	0,45	1,92
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	344.283	0,73	2,13
LUGO	86.363	0,55	1,56
OURENSE	78.761	0,39	1,99
PONTEVEDRA	274.139	0,80	2,60
GALICIA	783.546	0,70	2,21
ESPAÑA	15.929.151	0,49	2,21
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	84.556	-0,02	-0,78
LUGO	33.493	0,05	-2,00
OURENSE	23.457	0,23	-1,87
PONTEVEDRA	66.589	0,14	0,02
GALICIA	208.095	0,07	-0,85
ESPAÑA	3.257.896	0,21	0,56
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.907	4,13	-2,52
LUGO	1.458	-2,04	-1,57
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.349	0,36	0,18
GALICIA	20.713	1,23	-0,73
ESPAÑA	61.932	1,57	-0,82

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>